

# CORRELINGUA 2011

## BASES PARA O CONCURSO DE BANDA DESEÑADA

descárgaas [aquí en pdf](#)

1. Poden participar todos os alumnos e alumnas de **E. Infantil e Primaria** de calquera centro de Galiza.

2. A participación no concurso será **EN GRUPO** e o premio será para todo o grupo, preferíbelmente a aula completa. Cada grupo deberá repartirse as diferentes tarefas para a elaboración da banda deseñada (elaboración do argumento e guión, deseño das personaxes, realización gráfica, cor, etc...).

3. A Banda Deseñada debe ter un tema que estea de acordo cos **OBXECTIVOS** xenéricos do Correlingua, que son:

a. Propiciar a reflexión sobre a situación da lingua galega e a importancia de activar as accións en prol dela.

b. Sensibilizar a sociedade, a través da poboación infantil, da importancia da defensa da lingua galega-

c. Asociar a reflexión lingüística a actividades colectivas, lúdicas e amenas e interdisciplinares.

Ademais deberá terse en conta o lema desta convocatoria: **SOMOS GALEGO**

4. O formato da banda deseñada será o seguinte:

I. **EXTENSIÓN:** de 1 a 4 páxinas, tamaño A4 ou proporcional.

II. **TÉCNICA:** libre, sobre papel de debuxo (non folios), tendo en conta que debe permitir a súa lexibilidade, reprodución e impresión.

O envío farase con pseudónimo. Dentro do mesmo sobre incluírase outro en que consten os seguintes datos dos participantes:

- Nome de todos os compoñentes do grupo,
- centro escolar a que pertencen e
- teléfonos de contacto.

5. Os centros deberán formalizar a inscrición enviando un correo electrónico a [correlingua@correlingua.org](mailto:correlingua@correlingua.org) antes do día **1 de febreiro de 2011**. Nesa inscrición farase constar o número de persoas que compón o grupo e tamén a etapa educativa. O texto do manifesto deberá ser enviado antes do **15 de febreiro de 2011** por correo ordinario a:

**CORRELINGUA**  
**A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**  
**RÚA DO VILAR 15, 1º DTA**  
**15705, Santiago de Compostela**

6. O xurado estará composto por cinco persoas propostas pola Comisión Organizadora. Os membros do xurado non poderán ter relación cos centros escolares participantes. Colabora nesta actividade a Asociación Cultural BD Banda. A decisión do xurado será inapelábel.

7. O premio para o grupo gañador consistirá nunha viaxe.
8. Os traballos que non resulten premiados poderán ser publicados na páxina web do Correlingua.
- 9.- Os traballos premiados poderán ser reproducidos en campañas publicitarias e divulgativas do Correlingua. Para estes efectos os autores cederán os dereitos de reprodución á organización do Correlingua.